

**ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO, DO
10 DE OUTUBRO DE 2016, SOBRE MEDIDAS
DE IGUALDADE E CONCILIACIÓN NA
UNIVERSIDADE DE VIGO**

A Universidade de Vigo está conformada por unha diversidade de colectivos, PAS e PDI, sometidos a réximes de traballo diferentes: réxime laboral ou vinculación funcionarial, e multiplicidade de normativas, tanto de carácter autonómico como estatal, de ámbito universitario ou de carácter mais xeral, así como a normas de carácter interno, como os acordos con órganos de representación ou os convenios colectivos.

Dende o punto de vista normativo, veñen existindo desfases no desenvolvemento das normas que afectan a cuestións como os permisos e licencias referidos a conciliación familiar, coidado de fillos, permisos por maternidade ou paternidade, permisos por parto... que afectan de xeito directo aos diferentes colectivos que conforman esta institución. Esta situación dá lugar a tratamentos diferentes segundo o colectivo de pertenza e a normativa a aplicar. Se ben existen situacións nos que estas diferenzas poden estar xustificadas en cuestións obxectivas, non é este o caso dos permisos aos que nos estamos a referir, os cales concretan unhas medidas de apoio á igualdade coas que a Universidade de Vigo está comprometida.

Por esta razón, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo, a proposta do Reitor, e unha vez negociada a proposta coas organizacións sindicais, na súa reunión do 10 de outubro de 2016,

ACORDA:

Que a Universidade de Vigo aplicará ao seu persoal, tanto PAS como PDI, independentemente do seu vínculo, as melloras que, no referente a políticas de igualdade, teñan a súa orixe na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, DOG do 4 de maio, tanto as actuais como as que no futuro se podan incorporar.

Este acordo entrará en vigor no momento da súa aprobación.